

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 17 DE ABRIL DE 2024

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00017943A.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Acórdase ratificar a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00053654E.

Adxudicación do contrato “Servizo de Axuda no Fogar (SAF)” á UTE SIAD24 GALICIA, S.L. - PROTECCION GERIATRICA 2005, S.L.

Acórdase:

Primeiro: excluír do procedemento de adxudicación o licitador OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL por non acadar na oferta técnica avaliable mediante criterios de xuízo de valor o limiar mínimo de puntuación establecido na cláusula 10.1 do PCAP.

Segundo: adxudicarlle, por ser a súa a oferta máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o *Servizo de Axuda no Fogar (SAF)* á UTE SIAD24 GALICIA, S.L. - PROTECCION GERIATRICA 2005, S.L. Ofertou un prezo unitario por hora de 22,71 € (IVE excluído).

Terceiro: Aprobar e comprometer un gasto por importe de 12.722.468,72 € con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 2270300 coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	3.729.600,53 €
2025	6.361.234,36 €
2026	2.631.633,83 €
TOTAL	12.722.468,72 €

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00022482S.

Adxudicación do contrato do servizo de implantación e posta en funcionamento do sistema de sinalética intelixente do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela á UTE CINNIA TECH SL-COTESA SAU por importe de 459.800,00 €, IVE engadido.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o *Servizo de implantación e posta en funcionamento do sistema de sinalética intelixente do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela* á UTE CINNIA TECH SL - Centro de Observación y Teledetección Espacial, S.A.U, por presentar a mellor oferta. Presenta unha proposición económica de 459.800,00 € (base imponible de 380.000,00 € máis IVE do 21% de 79.800,00 €).

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 459.800,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 080 43200 6400000 (Código de proxecto: 2020 2 PSTUR 61 1 PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA).

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00013166X.

Aprobación do expediente “Servizo de Deseño, produción, montaxe e realización

do espectáculo pirotécnico das festas do Apóstolo 2024”

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do Servizo de Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das festas do Apóstolo 2024, cun orzamento base de licitación de 259.569,02 € (base imponible de 214.519,85 € máis IVE do 21% polo importe de 45.049,17 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Autorizar o gasto correspondente por importe de 259.569,02 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 33800 2269900 (2024 3 FOGOS 24 1).

5. DEPORTES. Referencia: 2024/00014522D.

Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Atletismo Fontes do Sar, ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 15 de abril de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB DE ATLETISMO FONTES DO SAR para o ano 2024.